

[Ferrol Un laudo arbitral anula o "voto delegado" inventado por CCOO en Navantia



CGT, CIG, MAS e UGT de Navantia fixeron público o seguinte comunicado conxunto:

O pasado 16 de xullo ven de emitirse o Laudo Arbitral que resolve a impugnación presentada ante a Autoridade Laboral (Oficiña Pública de Rexistro) polos sindicatos CIG, CGT, Mas e UGT contra a decisión da Mesa Electoral Central de habilitar, atendendo unha petición de CCOO, un procedemento de voto baixo o nome de "voto delegado".

O Laudo, na súa fundamentación xurídica afirma textualmente que:

A cuestión que se somete a arbitraje é a de **determinar a validez do procedemento de voto delegado**. O procedemento do voto delegado foise perfilando nos días seguintes á aceptación da solicitude, tal como consta nas actas nº 5, 6 e 7 da Mesa Electoral Central. Non consta, máis ben parece que o contrario, que os traballadores que tiñan a condición de electores tiveran suficiente coñecemento deste medio de votación e dos requisitos que debería cumprir para exercer o voto delegado. O exercicio do voto delegado non se contempla na regulación legal da materia electoral. En todo caso **a forma en que se levou a cabo o voto delegado non tivo garantías suficientes, nin publicidade, nin consenso, nin información ós traballadores**. Que o proceso de elección de representantes dos traballadores na empresa está rexido por normas de procedemento subtraídas á vontade das partes xa que non é unha institución de "dereito privado" senón de Dereito Público. **É obvio por tanto, que non está no poder de disposición das partes intervintes no proceso, alterar a súa regulación legal.**

Por todo elo, dicta

Laudo polo que acorda: ESTIMAR a impugnación presentada, RESOLVENDO anular a resolución que establece o sistema de "voto delegado" e os actos posteriores derivados.

O laudo é claro e rotundo, reconece como válidos todos e cada un dos argumentos expresados polos sindicatos que impugnamos e anula o procedemento do voto delegado.

Expresamos

pois a nosa satisfacción, conscientes de que si non tivéramos actuado, podería terse perpetrado un fraude electoral pola alteración ilegal das normas de votación e pola falla de garantías que este sistema de votación conten, tal e como o propio Laudo reconece.

Finalmente,

foi a nosa presión a que freou esta iniciativa ilegal, foi a nosa presión a que forzou a modificar sobre a marcha este sistema de votación, foi a nosa presión a que impediu que os votos delegados contaminaran o proceso electoral.

Para os

sindicatos asinantes, nada hai mais importante que a vontade dos traballadores e traballadoras expresada có seu voto, ese é o motivo de ter presentada esta impugnación que como o Laudo demostra é xusta, razoable e legal.